

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

### Feitos

Con data do 1 de febreiro de 2024, o presidente da comisión de selección da praza 23/1046 de profesor/a substituto/a (convocada por Resolución reitoral do 20 de decembro de 2023), Antonio Álvarez Sousa, comunica que a secretaria, a representante dos traballadores e os vogais da comisión de selección que se relacionan a continuación incorren con algún candidato en conflitos de interese dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos:

Andrade Suárez, María José	secretaria
Moré Corral, María Paloma	Vogal 1ª titular
Piñeiro Aguiar, Eleder	Vogal 3º titular
Golías Pérez, Montserrat	representante dos traballadores e vogal 3ª suplente

### Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establecen o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución dos citados membros da comisión de selección.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a substitución dos seguintes membros da comisión de selección da praza 23/1046:

**Secretario:** substitución de Andrade Suárez, María José por Cardesín Díaz, José María, docente do departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación con maior categoría e antigüidade, despois Álvarez Sousa, Antonio, que é o presidente da comisión.

**Vogal 1º titular:** substitución de Moré Corral, María Paloma por Docampo García, Manuel, que era o vogal 1º suplente

**Vogal 3º titular:** substitución de Piñeiro Aguiar, Eleder por Vázquez Fernández, Xosé Gabriel, que era o vogal 2º suplente, xa que a vogal 3ª suplente, Golías Pérez, Montserrat tamén está en situación de conflito de intereses

**Representante dos traballadores:** substitución de Golías Pérez, Montserrat por Cortés Vázquez, José Antonio, proposto polo presidente do comité de empresa.

A Coruña, na data da sinatura electrónica  
Por delegación do reitor (R.R. 16/01/2024)  
A vicerreitora de Profesorado  
María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	4yt0fG7z7xHydqDAsHsc9w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	02/02/2024 11:40:52
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/4yt0fG7z7xHydqDAsHsc9w==">https://sede.udc.gal/services/validation/4yt0fG7z7xHydqDAsHsc9w==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

